

A NENA DA FRAGA



Que pasara? A nena paseaba entre as árbores que unha vez foran os gardas da fraga, frondosos e verdes, entre as que, de cativa, correra e xogara cos seus curmáns. Agora eran esqueletos escuros, coas pólas retorcidas, sen follas nin paxaros piando nelas.

As bágoas esvararon dos azuis ollos da rapaciña e caeron no chan escurecido polas cinsas. Pasou o dorso da man por debaixo do nariz e seguiu camiñando. Pensou nos animais que alí vivían, nas plantas, nos momentos que pasara e que xa non se repetirían. *Incendio forestal*, dixeran os seus pais. Ela non sabía o que era iso, pero non lle gustaba. Significaba morte, negrura, silencio.

E o niño? Alí había un niño de andoriñas, onde estaba? Mirou cara arriba e cando o viu, desexou non habelo feito. Convertérase nunha mancha negra e desfeita que pendía dunha póla. Treméronlle as mans ó pensar nos paxariños. Agarrouse ó tronco e intentou agatuñar, pero as pólas nas que se sostiña tremeron baixo o seu peso. A nena asustouse e baixou. As bágoas volveron. O *incendio forestal* lles roubara a forza coa vida á fraga. Pero as andoriñas poderían estar feridas, tiña que axudalas. Rubiu pola árbore e chegou ó niño. Mirou dentro para axudar ós paxariños. Botou un grito que se quebrou cando as bágoas lle cubriron a cara. A póla rompeu e caeu ó chan, coa nena e o niño. A rapaciña levantouse e botouse a chorar. Púxose de pé e correu, deixando o niño cos paxariños mortos no chan.

Correu a través da fraga. Non sabería dicir onde se atopaba, todo era igual, todo estaba morto, coma as andoriñas. Xa non había vida en ningures. Deixou de correr ó perderse. Mirou arredor, nunca estivera tan asustada. Recordou a Blancaneves perdida no bosque, coas árbores intentando atrapala, pero isto era moito peor. As árbores non se movían porque estaban mortas. O *incendio forestal* o matara todo. Apoiouse nunha árbore e chorou, desexando que as súas bágoas fosen auga dabondo para revivilo todo. Sentouse alí e recordou os xogos, as carreiras, as risas, as bágoas, todas as árbores agatuñadas, todos os

animais alimentados cos seus bocadillos. Fíxose un nobelo e chorou ata que o sono a levou.

Espertou coas bágoas nas meixelas. Todo fora un pesadelo. Sorriu, si fora iso, só un mal soño. Entón decatouse de que a súa nai tiña no colo. Doulle un paniño para que se limpara a cara. Mirou arredor e veu ás árbores. Daquela era verdade. Ela volveu a bagoar ó ver as árbores mouras. Non fora un soño, o *incendio forestal* matara a súa fraga. Preguntoulle a súa nai que era un *incendio forestal*. Ela contestoulle que era un lume que queima un monte ou unha fraga. A rapariga chorou, fora o lume o que ennegrecera á fraga, o corazón encolléuselle pola dor e puido ver as chamas, facendo sufrir ós animais e ás plantas. Era inxusto. A súa nai colleuna no colo e levouna para a casa, mentres ela bagoaba en silencio. Despediuse da súa fraga para sempre. Xa non podería volver.